

**ANEXO II-MEMORIA DESCRIPTIVA**

CENTRO: IES LUIS SEOANE	CIF: Q-8655623-J
NOME PROXECTO/ACTIVIDADE: RESETEANDO DESDE A EDUCACIÓN	
<b>TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos).</b> Máximo 3000 caracteres.	
<p>O noso centro atópase no barrio de Monte Porreiro, un barrio nacido nos anos 70 e cunha compoñente multicultural e multiétnica. A nosa oferta educativa inclúe non só a ESO e o Bacharelato senón tamén a Formación Profesional de grao Medio e Superior. Nas nosas aulas contamos a día de hoxe con máis de 860 estudantes e un claustro de máis de 68 profesoras e profesores e 10 membros do persoal non docente. O noso compromiso por unha educación que fomente valores de igualdade de oportunidades e de respecto á diversidade queda sempre refectido no noso PEC, e é un valor potenciado especialmente dende os Departamentos Didácticos e nos programas educativos coordinados e apoiados dende a Dirección do noso Centro.</p> <p>O obxectivo fundamental de promover unha educación en igualdade e na erradicación de condutas sexistas e discriminatorias por razón de elección sexual e de calquera violencia nas relacións interpersonais é unha das nosas filosofías de centro e así se reflicte na nosa traxectoria con programas como a participación na posta en marcha dunha rede galega de centros coeducadores, en programas como “Dona de si”, “365 de respecto e igualdade”, “Galicons.net” e “Quérote+”. A partir do curso 2014/2015 desenvolveu o proxecto “Obxectivo: Igualdade” impulsado por un grupo de alumnas e alumnos de 4º da ESO e que pretendía cambiar condutas e actitudes machistas e homofóbicas entre o alumnado., programa galardoado co premio nacional GSD Innova. A participación do noso alumnado nos Consellos da Muller Nova promovidos polo Concello de Pontevedra foi ademais continuado e moi activo desde a aparición deste programa. No curso 2018-19 dentro deste consello formábase o grupo NeoFem Luis Seoane, grupo de promoción da igualdade co obxectivo de formar un grupo de acción educativo que rompa as mesmas fronteiras das aulas e mesmo do propio Centro para promover a igualdade e o respecto entre homes e mulleres. Con esa vocación de chegar ao maior número de xente posible, o grupo deseña actividades de participación na que se busca a implicación de toda a comunidade educativa e o contacto con outros centros e experiencias educativas. Esta iniciativa será galardoada no 2018 co I Premio Ernestina Otero, convocado polo Concello de Pontevedra.</p>	
<b>XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS.</b> Máximo 2000 caracteres.	
<p>Partimos da necesidade de identificar actitudes ou realidades discriminatorias, e ademais queremos incidir na necesidade activa dun “reseteo” das nosas condutas, tanto como axentes de igualdade, como desde o papel de observadores, de vítimas e de revisar moitas das nosas condutas baixo o filtro da igualdade e do respecto. Por iso todas as actividades propostas neste programa van ter en común tres fases claras: a ollada- a reflexión- a modificación de condutas e valores que poden servir para fortalecer, de xeito máis ou menos consciente, unha estrutura social patriarcal que está no fondo de toda desigualdade.</p> <p>Pensamos que a violencia nunca é só un problema de vítimas e agresores, a violencia é posible desde a pasividade de quen non a identifica e/ou non se posiciona fronte a ela.</p>	

Tamén quixemos reflexionar sobre que entendemos por liberdade e se é posible falar de liberdade, de libre elección, estando nun contexto dominado por relacións patriarcais. Desde esta premisa reflexionamos sobre sexualidade e liberdade, a partir dunha ollada realmente igualitaria.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:** reflexionar e desmontar mitos.

1º) as familias educan hoxe por igual a nenos e a nenas contra a violencia sexual, ou segue a educarse no medo ás nenas mais que no respecto aos nenos?

2º) recollen xa os currículos educativos contidos que se corresponden coa promoción da coeducación nas nosas aulas, tal e como reflicte a nosa lexislación, ou as mulleres seguen a ocupar un rincón inxustificado nos currículos educativos?

3º) existen aínda nas nosas relación cotiás condutas sexistas? Como reaccionamos cando presenciamos unha situación de acoso?

4º) pode falarse de igualdade sexual nun marco patriarcal? Análise crítica da prostitución e da pornografía.

**ACCÍONS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA.** Máximo 3000 caracteres.

Para desempeñar estas actividades o grupo precisa: O proxecto precisa para a súa elaboración material audiovisual (cámara, grabadora), financiamento para a elaboración de produtos, material reprográfico e fondos para organizar a conferencia do día 7.

Accións:

Formación: prostitución, o mito da libre elección.

Formación: proposta de condutas prioritarias de "reseteo" na nosa vida

Elaboración de guións das curtametraxes "Reseteando desde a Educación"

Rodaxe e edición das curtametraxes "Reseteando desde a educación"

Difusión das curtametraxes "Reseteando desde a educación"

Titorías de aula (impartidas polos integrantes de NeoFem) Luis Seoane: organización do acto, comunicación coas participantes, difusión do acto dentro e fora do Centro, autoxestión do grupo para a preparación do acto, ensaio do coro de NeoFem, elaboración e difusión de enquisa de autoavaliación.

Recaudación de fondos benéficos: elaboración de pulseiras, chapas, camisetas, libretas, coas que o grupo pretende implicarse directamente na axuda ás vítimas de violencia machista.

Elaboración e realización dunha enquisa entre o alumnado de distintos niveis sobre a incidencia da pornografía e o sexo nas redes. Análise de resultados e detección de necesidades para futuras actividades de formación.

**METODOLOXÍA EMPREGADA.** Máximo 2000 caracteres.

A participación activa por parte do alumnado, tanto no deseño como na realización e na difusión das actividades propostas é sempre un dos motores fundamentais do proxecto. Queremos que o alumnado sexa sempre o protagonista das actividades e que a súa motivación no proxecto veña tamén dada pola implicación que teñen nunha metodoloxía de traballo igualitaria na que va asumir en primeira persoa a materialización daquelas ideas e proxectos que eles mesmos propoñen. A autoxestión entre iguais é sen dúbida un dos obxectivos e dos valores fundamentais deste grupo de traballo. Para o grupo de traballo a organización das rodaxes das curtametraxes e sobre todo a organización das conferencias celebradas no Teatro Principal o día 7 foron ademáis dun revulsivo, unha grande oportunidade para poner en práctica os valores de igualdade, solidariedade e sororidade dentro do grupo. A nivel educativo, podemos decir que foi unha actividade formativa completa e empoderante para o alumnado do grupo que o cargou de enerxía para seguir traballando arreo todo o curso.

O grupo de traballo utiliza como plataformas de traballo interno ferramentas como o google drive, as enquisas de google, aplicación como Whatsapp e medios de difusión como Instagram e Facebook. Asimesmo, este curso o grupo de traballo ten un local propio de traballo no Centro que vai ser utilizado como lugar de reunión e preparación de materiais

TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.

TIPO DE ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
- Formación: prostitución, o mito da libre elección.	- Setembro 2018
- Formación: proposta de condutas prioritarias de “reseteo” na nosa vida	- Setembro-outubro 2018
- Elaboración de guións das curtametraxes “Reseteando desde a Educación”	- Outubro 2018
- Rodaxe e edición das curtametraxes “Reseteando desde a educación”	- Novembro 2018
- Difusión das curtametraxes “Reseteando desde a educación”	- Novembro, Decembro 2018, Xaneiro 2019
- Titorías de aula (impartidas polos integrantes de NeoFem)	- Primeiro e segundo trimestre
- Preparación do evento “Reseteando desde a Educación” no Teatro Principal de Pontevedra, coa participación de Amelia Tiganus, Towanda Rebels, XTodas e NeoFem Luis Seoane: organización do acto, comunicación coas participantes, difusión do acto dentro e fora do Centro, autoxestión do grupo para a preparación do acto, ensaio do coro de NeoFem, elaboración e difusión de enquisa de autoavaliación	- Primeiro e segundo trimestre do curso 2018-2019
- Recaudación de fondos benéficos: elaboración de pulseras, chapas, camisetas, libretas, coas que o grupo pretende implicarse directamente na axuda ás vítimas de violencia machista.	- Todo o curso
- Elaboración e realización dunha enquisa entre o	- Maio-xuño 2019

alumnado de distintos niveis sobre a incidencia da pornografía e o sexo nas redes. Análise de resultados e detección de necesidades para futuras actividades de formación.

**IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.** Máximo 2000 caracteres.

Nas programación e realización das actividades de *Reseteando desde a Educación* participaron de maneira directa o alumnado que forma parte do grupo de igualdade do centro, NeoFem Luis Seoane, un total de 30 alumnos e alumnas de distintos niveis educativos, desde 1º da ESO a 2º de Bacharelato. Ademais, como público ou ben como receptores de titorías e participantes nas enquisas realizadas, participaron máis de 200 alumnos e alumnas do centro. Tivemos ademais a implicación directa de parte do profesorado, que colaborou na realización dalgúns actividades (grabación das curtametraxes, ensaios do coro NeoFem, realización de enquisas...), así como o apoio continuo por parte do Equipo Directivo do Centro e por parte do persoal non docente, nomeadamente Conserxería.

Nas actividades de difusión en redes contamos co apoio e participación tanto do profesorado como das familias que apoian e difunden as nosas actividades e que nos animan continuamente a continuar con elas.

**INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA** (*Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...*). Máximo 2000 caracteres.

A difusión das actividades do programa “Reseteando desde a educación” ten sido ao longo do curso moi ampla, tanto dentro, como fora do Centro. Un dos obxectivos do grupo de traballo é sempre chegar coas mensaxes de igualdade ao maior número de persoas, non so alumnado senon tamén familias e cidadanía en xeral.

Por unha parte as actividades organizadas tiveron unha ampla difusión na vida do propio Centro educativo, xa que participaron dun xeito ou doutro, unha maioría do alumnado do centro. Ademais, a difusión do resultado dos traballos vai ser ampla: os vídeos das curtametraxes de “Reseteando” ademais de ser proxectados nas aulas do noso instituto, acadaron máis de 8000 visualizacións na nosa páxina de Facebook.

Ademais, o acto que organizamos o día 7 de febreiro no Teatro Principal, non so se dirixeu ao alumnado do noso instituto, senón que quixemos abrilo á participación doutos centros educativos (participaron grupos de alumnos e profesores de outros catro institutos de secundaria) e tamén en xeral a público particular que se achegou e participou con nos nas conferencias.

As actividades realizadas foron recollidas ademais pola prensa escrita (Diario de Pontevedra), tamén na radio (Onda Cero) e prensa dixital (Pontevedra Viva) e compartidas nas redes desde o CIM, ou asociación como XTodas.

**VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS.** Máximo 2000 caracteres.

O proxecto “Reseteando desde a educación” ten acadado e superado os obxectivos inicialmente propostos. Primeiro polo elevado grado de compromiso e implicación do alumnado que participou nas actividades. Todas as fases do proceso de preparación das actividades van ser organizadas polo propio alumnado, que consegue dividir tarefas e organizarse colectivamente para obter un excelente resultado. A campaña “Reseteando desde a educación” vai ser un referente no Centro e todas as actividades realizadas conseguiron que cada vez mais persoas se quixesen ir unindo ao grupo e participar nas distintas actividades, chegando a duplicar o número de persoas que traballaron en NeoFem o curso pasado.

A selección dos contidos a traballar, parte dos propios intereses do alumnado: En primeiro lugar, a asistencia a unha conferencia de Amelia Tiganus en setembro de 2018 por parte de 12 alumnas e alumnos de NeoFem fai que busquen a maneira de facer chegar ao maior número de persoas posibles o coñecemento da realidade da prostitución.

Polo que respecta ás curtametraxes, o debate entre os membros do grupo seleccióna ámbitos diversos e conductas habituais que consideran machistas e necesarias dun “reseteo”: a familia, a aula e as relacións entre o propio alumnado. Todo o proceso de realización contou coa participación en equipos do alumnado que participa na elaboración dos guións, na realización, cámara, son, montaxe, actuación dos mesmos. Vai ser ademais un grande reclamo no Centro precisamente porque transmite na súa elaboración o espírito de sororidade e de igualdade real que se quere transmitir en todo momento, mesmo na colaboración entre alumnado e profesorado participante, un ambiente absolutamente distendido.

A participación de todo o alumnado do Centro que é requerido para colaborar en función como a realización de enquisas, a asistencia a charlas e incluso a compra de produtos benéficos, animou ao grupo a continuar con novas actividades.

**PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.** Máximo 2000 caracteres.

Neste curso quedou consolidada no grupo a idea de que o traballo en igualdade é algo que debe incorporarse na vida cotiá de todas e todos nós: non quedar en facer actividades, senón enriquecernos coas reflexións e transformalas en accións, “reseteándonos” se é preciso, e sobre todo unha labor prolongada no tempo e ampliada no espazo fora das aulas.

A labor de concienciación e educación dentro da comunidade educativa en xeral por parte do grupo foi fundamental por exemplo para que o apoio ás mobilizacións do 8 de Marzo fose no Centro rotundo.

A difusión pública do proxecto a través das redes sociais foi moi importante, con continuas interaccións por parte tanto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias), como desde fora do Centro, sendo moitas das nosas publicacións unha referencia amplamente difundida por seguidores, na loita contra o machismo e a discriminación.

De cara ao novo curso, o alumnado plantexa continuar traballando cun obxectivo prioritario: consolidar o grupo de igualdade no Centro e tratar de colaborar con outros centros educativos en accións conxuntas. Plantexanse como ideas de inicio continuar con labores de colaboración con asociacións de axuda a mulleres, fortalecer as actividades formativas dos membros do grupo, continuar desenvolvendo actividades que utilicen plataformas dixitais e desenvolvan competencias

en novas tecnoloxías para acadar difusión ás mensaxes e tamén como estratexia de desenvolvemento colaborativo e tamén facer unha representación teatral.

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, *se a houber***

DIRECTORIO VÍDEOS DA CAMPAÑA "RESETEANDO"

DIRECTORIO VÍDEOS DAS CHARLAS IMPARTIDAS POR ALUMNADO DE NEOFEM AO ALUMNADO DO CENTRO

GUIÓNS DAS CURTAMETRAXES

CARTEL ACTO 7 FEBREIRO

ENQUISA SOBRE O ACTO 7 FEBREIRO

ENQUISA SOBRE PORNOGRAFÍA

CARTEL ANUNCIO PRODUCTOS E FOTO ELABORACIÓN PULSERAS

DOSSIER DE PRENSA SOBRE A CAMPAÑA RESETEANDO

PONTEVEDRA 18 , de SETEMBRO de 2019

SINATURA

CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS.

## IES LUIS SEOANE

### CONVOCATORIA PREMIO ERNESTINA OTERO, 2019

#### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

#### DIRECTORIO VÍDEOS DA CAMPAÑA “RESETEANDO”

<https://www.facebook.com/NeoFemLuisSeoane/videos/944236872438139/>

<https://www.facebook.com/NeoFemLuisSeoane/videos/313937975878235/>

<https://www.facebook.com/NeoFemLuisSeoane/videos/318846785371760/>

#### DIRECTORIO VÍDEOS DAS CHARLAS IMPARTIDAS POR ALUMNADO DE NEOFEM AO ALUMNADO DO CENTRO

<https://www.facebook.com/1160629305/videos/10215632367059820/?t=33>

#### GUIÓNS DAS CURTAMETRAXES “RESETEANDO”

##### VIDEO: DEBATE FAMILIAR

*Unha familia está almorzando. O pai está lendo o periódico e o fillo está cō mobil.*

**Pai:** Esto cada vezponse peor.

**Nai.** E logo? Que pasou?

**Pai:** (lee a noticia): As mulleres denuncian en España unha violación cada cinco horas. Segundo o Ministerio de Interior, denunciáronse 788 agresións entre xaneiro e xuño deste ano....

**Nai:** Xa non pode andar unha tranquila pola rúa.

**Filla:** Bua! E iso que non escoitades o que din no insti...

**Nai** (*mira a filla*) A qué te refires?

**Filla:** Pois onte mesmo, a María, dixéronlle que traía saia só para quentalos... e que andaba buscando festa e non sei que máis. E despois a avoa dicía que na súa época eran uns desvergoñados porque andaban a roubar bicos ás mozas....

**Pai:** Filla, e que non me podes comparar os farrapos cos que vades case espidas, á roupa de antes.

**Filla**(*frunce o ceño*): E eso que ten que ver papá?

**Nai:** Teu pai ten razón.

**Filla**(*enfadada*): Razón en qué? Cada un que se vista como queira. Ou a caso eu lle digo os que van coas camisetas axustadas ou cos pantalóns polo cú abaixo, non vaias así que me quentas..?

**Pai:** Non me podes comparar iso...

**Filla:**E porque?



**Nai:** Mira filla, nós o único que queremos é que andes con ollo. Non é preciso que saías ata tan tarde nin que estés soa con ningún rapaz....

**Filla:** Estásme falando de Luis? Isto era o que me faltaba. Ven o coñeces dende que era cativo.

**Pai:** Pero ti non ves as noticias? Nin amigos nin nada. Ao final os homes son como son. Só basta un pouco de confianza, levante a un descampado ou callejón e cando te decates do que pasa xa é tarde.

Mira, aínda o outro día lín un artigo no facebook, dunha revista científica moi importante, que dicía que os homes somos uns animais. Hainos que son como chimpacés, que non controlan os seus instintos; matan, violan... o que lle pida ó corpo. Tamén os hai que son como os Bonobos, que son máis pacíficos... Bueno tamén os hai que son burros pero...

**Nai:** Para, para (*dille ó pai que se queda coa boca aberta á metade dunha frase*)

*A nai mira fóra da escea como buscando a alguén.*

**Nai:** Que alguén chame ó técnico, necesitamos un reseteo.

*Entra en escea ó técnico.*

**Técnico:** Chamou, señora?

**Nai:** Sí, necesito que resetee o meu home. Está fallando.

*O técnico camiña cara o pai e fuchicalle nas costas ( o pai apágase cos brazos caídos cara diante), uns intres despois remata, e o pai encendese cuns pi, pi.*

**Técnico:** Xa está. Agora verá as cousas dende outra perspectiva.

**Nai:** Moitas grazas.

*O técnico sae da escea. O pai vírase cara o seu fillo, quítalle o mobil das mans, co que estivo a xogar durante toda a conversa.*

**Fillo:** Ehhh!*(queixase de que lle quitara o mobil e intenta collelo)*

**Pai:** Fillo, mais che vale que trates ás mulleres coma iguais. Que non me entere eu que te pasas da raia.

**Fillo:** E eu que fixen agora??

**Pai:** Pois para empezar, non compartas os chistes machistas que che pasan polo washapp. E non lles rís as gracias ós que se meten coas rapazas, nin lle sigas a corrente....

**Filla:** E non andes dicindo quen está máis boa...

**Pai:** E se ves a alguén que está sendo acosado, fai algo, non te quedes calado...

*Entra o técnico en escea mentres o pai segue falando có fillo.*

**Técnico:** Reseteade dende a educación. Salvade vidas.

## HISTORIA 2:

Nuha aula do instituto, un profesor está dando clase (de historia?, literatura? Música?, o que decidades) Nese momento entra unha técnica informática que di que ven a cambiar os equipos, mentres está a traballar no ordenador, a clase prosigue e o contido que di a profesora é todo sobre homes, deixa sen nomear ás figuras femininas, incluso sinala que as páxinas finais onde saen so mulleres que non hai que estudialas. Nese momento o técnico para a clase e pide permiso á profe para resetear, ela di que sí e él resetea á profe pulsando tecla na espalda. A clase repítese pero citando todos os contidos femeninos.

PROFA: Este curso imos facer un proxecto novo de investigación. Trátase de que vos, os alumnos, investiguedes sobre as aportacións científicas máis importantes. Dous alumnos por cada grupo.

ALUMNA: E nós?

PROFA: E vós que?

ALUMNA: Digo, que se nós imos con eles no grupo ou facemos grupos de dúas alumnas tamén?

PROFA: Boh, non amoles. Digo dous por grupo, o que sexa neno ou nena, o mesmo me ten.

ALUMNA: *Fai xesto afirmativo pero queda con cara avergonzada, como se o que acaba de dicir fose unha parvada.*

PROFA: Ao que íbamos, en grupos de dous escolledes entre os científicos e inventores da seguinte lista para coñecer cómo contribuíron a mellorar as nosas vidas. Son os seguintes:

- Primeiro Arquímedes
- En segundo lugar poderedes estudar a Isaac Newton
- O terceiro é Alexander Fleming
- A cuarta proposta é Nicolás Pasteur
- o quinto vai ser un inventor, Nicolás Tesla
- e en sexto lugar imos escoller unha muller, por exemplo imos poñer a Marie Curie...

Xa sabedes, preparades un traballo de investigación en formato PPT que teredes que expoñer diante dos vosos compañeiros.

ALUMNA: e so se pode facer traballo dos que hai na lista? E que eu lera o outro día algo sobre unha tipa que inventara algo así como o primeiro sistema de computación pero xa fai máis de cen anos... E gustaríame saber máis dela.

PROFA: Pois agora non sei, tería que mirar... Pero, a ver... Non sei. E que esto xa está programado e levoume o meu tempinho, se meto a esa teño que sacar a outra. A ver, deixame pensar, cómo podemos facer....

ALUMNADO: a coro gritan "Reseteando!!!!"

TÉCNICA: Asoma o fuciño pola porta da aula. "Chamástesme????"

FUNDIDO A NEGRO

CONTINUA A CLASE E A PROFE DICTA UNHA LISTA CON NOMES INTERCALADOS DE HOMES E MULLERES.

PROFA: ... Entón dicíamos que ídesvos organizar en grupos de dous rapaces ou rapazas e escoller entre o seguinte listado con persoas que aportaron estudos que foron fundamentais na historia da humanidade. Poderedes escoller entre:

- Arquímedes (pai das matemáticas)
- Hipatia de Alexandría (nai da física)
- Isaac Newton (o da mazá e a forza de gravidade)
- Ada Lovelace (a primeira en facer computación cen anos antes de que existisen os computadores)
- Albert Einstein (o formulador da Teoría da Relatividade)
- Lise Meitner (descubridora da fisión nuclear)
- Nicolás Tesla (coa corrente alterna, as baterías)
- Hedy Lamarr (sin ela non teríamos radar, ou wifi...)
- E por suposto, Marie Curie, única persoa que gañou dous premios Nobel en dúas categorías distintas, Física e Química, que non por estar a última da lista, é menos importante, máis ben ao contrario

TÉCNICA: Xa tocaba resetear os equipos... Na aula cabemos todos e todas, e nos temarios, tamén.

### HISTORIA 3:

Escea de comida familiar. Tres xeracións: os avós ( o avó non fai nada, só deixarse servir), o pai dille aos fillos varóns que axuden ás súas irmás a facer tarefas de recoller a mesa e iso. Ás súas fillas din que non necesitan axuda, que cada un faga o seu.

### HISTORIA 4:

Dous adultos falan de como por moito que o feminismo diga que somos iguais ao final temos capacidades distintas que son naturais e póñense a repasar as cousas que fan mellor eles (taladro, programar o dvd, bricolaxe,..., fronte ás mulleres que se lles da mellor coidar aos nen@s, e ocuparse da casa,...) Xustifican as diferencias en diferencias naturais. A cámara deixa de enfocar a quenes falan e enfoca a neno/nena cos seus xoguetes ou a xoguetes acumulados: os de neno/fronte aos de nena

Muller adulta 1: Imposible, foime de todo imposible, ao final acabei por chamar á grúa e que me cambiase a roda. Eu o gato ese non sei nin por onde se agarra, e imaxina que me sae mal, quita, quita, eu esas cousas non as toco.

Adulto 2: Pois xa me dirás que complicación ten cambiar unha roda. Se aínda me dis algo queu teña queu ver con abrir o motor, pero muller, cambiar unha roda tampouco hai que ser mecánico.

Muller adulta 2: Mira, quita, quita e u esas cousas non as fago. Vouche dicir unha cousa, sonará mal dicilo pero, eu penso que esas cousas son cousas de homes. Hai sí, cada un o que se lle da ben. Mira nós... Xa vou farta de que Manolo me mande aos nenos feitos un cristiño, coa roupa sen planchar e combiando raias e cadros. Quitaa, quita. Cada un para o que está feito. Eu o taladro non o toco, xa sei que é cousa del, e o coche moito menos... Eu xa fago outras cousas que se me dan ben e que sei mellor que él. Porque por exemplo o de cociñar... quita palá, prefiro facelo eu polas noites porque se non él emporca toda a cociña, tira a metade da comida mal aproveitada e enriba non hai quen a coma...

Adulto 2: Muller, tampouco é así

### HISTORIA 5:

Adultos nunha mesa. Entrégaselles a súa nómina, e de forma aleatoria uns levan a porcentaxe da brecha salarial por debaixo e outros por enriba. Aleatorio entre homes e mulleres. Os que están por debaixo preguntanse por que é así, protestando e intentando comprender a situación.

Entón se lles explica que para ser máis igualitarios, a brecha salarial repartíuse de forma aleatoria entre os traballadores.

### HISTORIA 6:

Situación de control en parella...

### HISTORIA 7:

ESTA HISTORIA XA A FIXO CINTIA E SÍRVENOS COMO MODELO A TOD@S PORQUE ESTÁ XENIAL...

**VIDEO: ACOSO NO INSTITUTO**

*No corredor ai algúns alumnos, tres deles falan e ríen:*

(1 ) - Bua!! E vistes á rapaza nova?

(2 ) - Cal?

(1 ) - A de cuarto!!

(3 ) - A dos peitos grandes??

(1 ) - Siii, esa!!! Bua! E imposible non vela!!

(2 ) - Pois non me decato

(3 ) - Si oh! A que sempre está con Ánxela e Mari

(2 ) - Ah!! Xa sei!!!! A que onte viu con aquela minisaia escocesa!!!

(1 ) -Si!! Esa mesma!!

(2 ) - Pufff, eu non lle puiden quitar os ollos das pernas!!! E cando subía

polas escaleiras víaselle todo!!!!

(1,3 ) - E verdade!!

*Rin os tres con ganas*

(3 ) - Xúrobos que se todas viñesen así non copaba ningún día!!

*Volven rir*

(1 ) - Pufff non me deades ideas, que solo de pensalo quentome, bufff...

(3 ) - Eu a quen non lle quito olo e a Silvia.

(1 ) - A do C??? Pero se parece un chourizo embutido!!!

(3 ) - E que? A min dixéronme que era unha facilona.

(2 ) - Bua tío!! Que me estas contando!!! Eu non sería capaz nin lle de

dicir un piropo... solo de pensalo se me remenxen as tripas!!! Arrgg!!

*Nese momento entra en escea ( Xulia ) . Vai polo pasillo co seu*

*carpesano e co móbil na man. Leva unha saia.*

(3 ) - Eh, eh ,eh -dalles un toque no brazo ós outros dous para chamala

*sua atención- Mirade quen ven por alí... sinala coa cabeza*

1. Saelle ó encontro á Xulia e quítalle o mobil das mans

( Xul. )- Eh!! Qué fas? Dame o móbil!!

(1 ) - Se queres que cho dea tesme que dar un bico-sonrí

*picaramnete*

(Xul. ) - Non me da a gana! Dame o móbil- *intenta quitarllo*

(2) *Intenta levantarlle a saia*

( Xul. ) - Qué fas?!?

(3 ) - Uiiii... Qué mala uva..... Seguro que está en celo

*Rin os tres mentres ela intenta recuperar o seu mobil. Os outros alumnos do*

*pasillo miran pero non fan nada, algúns cuchichean.*

(2) *Tócalle unha perna.*

( Xul. ) Dalle unha labazada- Que non me toques!!

(2 ) Pero de qué vas?!? Puta!!!!

*Os alumnos que miran a escena exclaman(ah!... ou similar) e logo rinse polo baixo.*

*Forcexán con ela e intentan meterlle man.*

*No medio de todo o alboroto entra un técnico@ en escena, vestico cun mono e unha caixa de ferramentas.*

(Tec. )- Coooooorten!!-axita as mans para chamala atención-Páren a grabación!!!! Sintoo, hai in problemiña técnico.

*Todos se quedan "pillados"... non saben o que está a pasar. O técnico@ achégase ós alumnos que miran...(apagaos e quedan como medio doblados cos brazos colgando) fuchícalles na espalda e unha vez rematou...prendeos una a un( fan un bip bip)*

(Tec ) *Saindo de escena.... - Xa está! Todo arraxado! Perdón pola interrupción!-e desaparece.*

*Os tres rapaces volven forcexear coa rapaza, pero esta vez, os que están mirando actúan.Falan con tono enoxado:*

(4 )- Pero qué facedes!! Parcévos normal?!?

(5 )- Deixádea en paz!

(1 )-Non vos metades! Que esto non é con vos!

(6 )- Xa... O que pasa é que non nos gustan as pelexas de tres contra un.

(3 )- Non queremos a túa opinión sabiond@!!

(6 )- Tes razón... Mellor lle preguntámos qué lle parece ó director-

*voltéase e marcha á dirección*

(5 )- Vou contigo- e vota a andar detrás del

(2 )- Eh, eh, eh...Que van ir enserio!  
 (3 )- Dalle o móbi! Dalle o móbil e lisquenmos de aquí!!  
 1. *Dalle o móvil a Xulia e vanse correndo.*  
 (4 )- Estás ben?- *pregúntalle a Xulia, agarrándoa suavemendo do brazo.*  
 ( Xul )- Si.... Moitas grazas  
*Queda como a escea conxelada*  
*Entra o técnic@, párase diante da cámara e di:*  
 ( TEC )- Un reseteado a tempo pode evitar: unha violación, unha paliza ou incluso o suicidio da vítima. Recordade: Tolerancia 0

COPIA PROGRAMA DE MAN:

## RESETEANDO DENDE A EDUCACIÓN

Teatro Principal de Pontevedra  
 7 de febreiro de 2019

### PROGRAMA

10:00- Apertura do acto  
 10:10- Conferencia Amelia Tiganus e Towanda Rebels  
 12:00- Interpretación de *Non son fada* (Sés) --Letra no reverso  
 12:05- Descanso  
 12:15- Presentación da Asociación XTodas  
 12:30- Presentación do traballo de NeoFem Luis Seoane  
 12:40- Mesa redonda e debate  
 13:30- Remate e despedida

Organiza:



@neofemluisoane  
 @neofemluisoane



Colaboran:



CARTEL ACTO 7 FEBREIRO


**ENLACE PARA INSCRIPCIÓN DE CENTROS**  
[https://docs.google.com/forms/d/1CYOJRE0H5GK4qE3dms0TWTND5BBR0PFWBoC\\_2Ea/edit](https://docs.google.com/forms/d/1CYOJRE0H5GK4qE3dms0TWTND5BBR0PFWBoC_2Ea/edit)

**ENLACE PARA INSCRIPCIÓN DE PARTICULARES**  
[https://docs.google.com/forms/d/1ENr0WbG6C0fmmcmUUKdhwZCF2I8\\_VoFEkY3r0Goo0/edit](https://docs.google.com/forms/d/1ENr0WbG6C0fmmcmUUKdhwZCF2I8_VoFEkY3r0Goo0/edit)

**MAIL DE CONTACTO:** [info@feminismocourte@gmail.com](mailto:info@feminismocourte@gmail.com)


**RESETEANDO DENDE A EDUCACIÓN**

*Querémoslos!  
Vivos* *Querémoslos!  
Libres*



*Reseteando den de a educación*

**Persoas convidadas:**




*Amelia Tujanás, Tovañanda Rebels e XTodas*

**Data:** 7 febreiro 2019  
**Lugar:** Teatro Principal de Pontevedra  
**Hora:** 10:00-13:30

**Estades todos/as convidados/as!**

Colaboran



RS-Les Quevira - IGB de Pontevedra

## ENQUISA SOBRE O ACTO 7 FEBREIRO

[https://docs.google.com/forms/d/1w59FXPJhoSvlyiPh9CjQ\\_C8OJGgoWS6oMkKut97saVk/prefill](https://docs.google.com/forms/d/1w59FXPJhoSvlyiPh9CjQ_C8OJGgoWS6oMkKut97saVk/prefill)

## ENQUISA SOBRE PORNOGRAFÍA

[https://docs.google.com/forms/d/1kpeAi26sAOC6dhndU2bzOhPTMQ2q7R-KMk5\\_ArcUuoQ/prefill](https://docs.google.com/forms/d/1kpeAi26sAOC6dhndU2bzOhPTMQ2q7R-KMk5_ArcUuoQ/prefill)

## CARTEL ANUNCIO PRODUCTOS E FOTO ELABORACIÓN PULSERAS

Neofem



Beneficios destinados a:  
Asociacion XTodas

Encargas:  
Neofemulsseane@gmail.com

